



CONCELLO DE PORTO DO SON

CONCELLERÍA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPREGO,
XUVENTUDE, VOLUNTARIADO, SEGURIDADE E
PROTECCIÓN CIVIL



A PREPARACIÓN DAS ENTREVISTAS DE TRABALLO SERÁ O TEMA CENTRAL DA XORNADA DE EMPREGO DO MES DE MARZO NO CONCELLO DE PORTO DO SON.

O Concello de Porto do Son vai celebrar o próximo mércores día 29 de marzo, nas Aulas do Viveiro de Empresas, unha nova sesión para a busca de emprego. Nesta ocasión, o tema a tratar vai ser a preparación das entrevistas de traballo e outras probas de selección.

Dunha maneira eminentemente práctica, as persoas participantes nesta sesión aprenderán todo o necesario para preparar e enfrontarse con éxito a unha entrevista de traballo. Ademais disto, coñecerán outras ferramentas de selección de persoal, como por exemplo as dinámicas de grupo, cada vez máis utilizadas en procesos de selección.

Así, nesta sesión de dúas horas de duración, abordaranse aspectos como:

- Cómo preparar unha entrevista de traballo.
- Preguntas frecuentes.
- Erros máis comúns nas entrevistas de traballo.
- A reformulación positiva nas entrevistas de traballo.
- As dinámicas de grupo como ferramenta de selección.
- Etc.

Máis información no Servizo de Orientación Laboral do Concello de Porto do Son (Casa do Concello – 2º andar).

Porto do Son, 9 de marzo de 2017.

